



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Resolución reitoral do 4 de febreiro de 2015 pola que se convocan 39 bolsas de colaboración nas accións de mellora da calidade nos centros da Universidade de Vigo

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 100.d dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados mediante Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, teñen dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ningúén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 105 dos referidos Estatutos, poderá ofrecer ao seu estudantado bolsas de colaboración nos seus propios servizos para desenvolver actividades que contribúan á formación integral do estudantado.

Por iso e coa finalidade de impulsar o apoio e a colaboración para o desenvolvemento e mellora dos programas de calidade do centro,

ESTA REITORÍA

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade

RESOLVE:

1. Convocar 39 bolsas de colaboración para o apoio as actividades de calidade desenvolvidas nos centros da Universidade de Vigo segundo as bases dos Anexos I e II.
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros dos centros e no Rexistro Xeral e Auxiliares da Universidade de Vigo.
3. A bolsa poderá ser solicitada no modelo oficial dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ata as **14:00 horas do 18 de febreiro 2014**, presentando a documentación requirida nos lugares indicados no apartado VI da convocatoria. No caso de que o último día do prazo coincida en sábado ou día inhábil na Universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

A solicitude axustarase ao modelo que figura como Anexo III nesta convocatoria e tamén poderá atoparse no seguinte enderezo: https://seix.uvigo.es/uv/web/avisos/aviso/index?tipo_aviso=189

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 4 de febreiro de 2015

O Reitor

Por delegación (RR do 11 de setembro 2013)

A Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº. 20150001976
04/02/15 09:38:05

Diligencia para facer constar que esta
resolución se publica no taboleiro de anuncios
dos rexistros da Universidade de Vigo.

Vigo... 4 de febreiro de 2015

Xefe de área de bolsas

Francisco Navaza Dafonte



Ana M. Graña Rodríguez



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DAS BOLSAS DE COLABORACIÓN NAS ACCIÓNS DE MELLORA DA CALIDADE NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

I. OBXECTO

Obxectivo formativo da bolsa: mellorar e adquirir competencias relativas á xestión documental, tratamiento da información, organización e xestión de procesos, dos sistemas de calidade.

Contido do plan formativo:

- Coñecemento da estrutura do sistema de garantía de calidade aplicado no centro e da súa xestión. Certificación dos SGIC.
- Coñecemento dos programas de verificación, seguimento e acreditación de títulos oficiais, e desenvolvemento de planes de mellora programados no centro.
- Coñecemento de métodos de difusión da información pública dos centros e das súas titulacións.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

Estas bolsas están destinadas ao estudiantado da Universidade de Vigo que este cursando estudos de grao, enxeñaría, licenciatura, ou máster oficial no curso 2014/2015 e manteña a condición de alumno/a durante todo o período de duración da bolsa.

En todo caso os solicitantes, deberán de ter superados o 50% dos créditos dos estudos de grao, enxeñaría, o licenciatura dos que están matriculados, ou o 100% dos que lle deron acceso ao máster oficial do que están matriculados.

III. INCOMPATIBILIDADES

O goce da bolsas de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

O goce dunha bolsa das convocadas nesta Resolución Reitoral será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria ou de colaboración convocada pola Universidade de Vigo.

Ademais, o estudiantado non poderá gozar dunha bolsa co mesmo obxecto, “formación complementaria dos estudiantes da Universidade de Vigo”, por un período igual ou superior a vinte e dous meses (22 meses ou menos), de forma consecutiva ou descontinua, este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos. O cómputo do tempo como bolseiro de formación, farase por meses completos. Se a bolsa se inicia antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite de vinte e dous meses.

No caso de que a persoa bolseira goce doutra bolsa distinta ás axudas ao estudo, deberá solicitar á Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado a súa compatibilidade. No caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

IV. DURACIÓN

As condicións particulares de inicio e horas de adicación de cada bolsa reflectense no Anexo II, sendo comun para todas que no mes de agosto queda excluído, e que rematan no ano 2015.



V. COTACIÓN E PAGAMENTO

UNIVERSIDADE DE VIGO A dotación económica bruta mensual máxima será o resultado de multiplicar o número de horas acreditadas cada mes, por 5 €, de compensación económica. O cómputo das horas totais de colaboración de cada bolsas **será o reflictido no Anexo II** e estará suxeita a retención do I.R.P.F. e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da aplicación orzamentaria 2015 0000 421S 482.11 e o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 74.403,60€ (65.550,00€ por dotación bruta da bolsa e de 8.853,6€ en concepto de cota patronal).

O pagamento farase efectivo por períodos mensuais vencidos a razón de horas realizadas por mes segundo o plan programado polo centro co máximo de 20 horas semanais e sempre que a persoa beneficiaria estea ao corrente os seus pagos de matrícula coa Universidade, sendo efectivo o aboamento a partir do 15 do mes seguinte.

Ao remate de cada mes, o Decano/a ou Director/a do centro emitirá un informe favorable/desfavorable da colaboración desenvolvida polo/a bolseiro/a, atendendo á súa actitude e obxectivos cumplidos, no que se fará constar o número de horas realizadas. O pagamento sempre estará suxeito aos procedementos de control establecidos na Universidade de Vigo. Este tipo de informe poderá ser tido en conta en futuras convocatorias.

VI. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Cada solicitante poderá, no mesmo impreso de solicitude, ata un máximo de 5 bolsas diferentes das ofertadas polos distintos centros, segundo a orde de prioridade.

O impreso de solicitude estará dispoñible na páxina: https://seix.uvigo.es/uv/web/avisos/aviso/index?tipo_aviso=189 e que figura como Anexo III nesta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes remata ás 14:00 horas do día 18 de febreiro de 2015.

As persoas aspirantes deberán presentar o modelo oficial de instancia (Anexo III) nos rexistros auxiliares o xeral da Universidade e nos lugares indicados no apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O estudiantado que queira concorrer á convocatoria presentará, obligatoriamente, a seguinte documentación no momento da presentación da solicitude:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto.
- Curriculum vitae, no que se indicarán os cursos de formación que considere de interese para o desenvolvemento da bolsa con documentos acreditativos dos mesmos e das horas correspondentes.
- Certificación académica persoal dos estudos realizados so obrigatoria para os estudos de outras universidades distintas da Universidade de Vigo.
- No caso de estar a realizar o proxecto fin de carreira (PFC) ou a tese de licenciatura, deberán achegar unha certificación desa situación do seu director/a.
- Declaración co compromiso de matrícula no curso 2015-2016.
- Fotocopia do DNI.
- Solicitude de compatibilidade de bolsa. No caso de alumnos que teñan concedida unha bolsa distinta das axudas ao estudio para os cursos 2014/2015 e 2015/2016.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudio, así como para o exercicio das



de novas funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei Orgánica de Universidades e nos Estatutos da Universidade.

O/A solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados, e de UNIVERISIDADES pedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, OFICINA DE VIGUE presentación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliaciós, enquisas e seguimento dos servicios universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitarase ante a Universidade de Vigo.

VII. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes publicarase unha listaxe coas persoas admitidas e excluídas, indicando os motivos de exclusión e dándolle un prazo de 5 días hábiles para emendar os errores e achegar a documentación necesaria. O proceso comenzará a partir do día seguinte da publicación da lista no rexistro xeral e auxiliares de campus da Universidade de Vigo, e na web.

A Sección de Bolsas, unha vez recibidas as solicitudes, e comprobado que cumplen os requisitos básicos da convocatoria, achegara a través de correo electrónico as solicitudes xunto coa documentación necesaria a cada comisión de centro encargada da selección.

A composición da dita comisión de selección en cada centro estará formada por:

- Presidente, o/a Decano/a da Facultade ou Director/a da Escola ou persoa en quen delegue.
- Un/ha Vicedecano/a da Facultade ou Subdirector/a da Escola, co preferencia o que teña competencias en calidade, ou persoa en quen delegue.
- Secretaria/o do centro.

Os criterios de selección que a Comisión aplicará serán os seguintes:

1. Coñecementos no desenvolvemento de sistemas de xestión da Calidade, do centro (30%)
2. Coñecemento da estrutura académica e infraestruturas do centro. (10%)
3. Dominio no manexo de ferramentas ofimáticas (MS-Office, Programación, deseño de Web,) (20%)
4. Formación complementaria (coñecementos de inglés, outros títulos, ...) (10%)
5. Expediente académico. (20%)
6. Outros (especificados por centro) (10%)

En igualdade de condicións nos criterios anteriores, será preferente a mellor nota media do expediente académico.

Rematado o proceso de selección publicarase no taboleiro do centro e nos rexistros xeral, auxiliares de campus e nas web dos centros e da sección de bolsas, as listaxes provisionais de candidatos/as coa puntuación obtida. Fixarase un prazo de 5 días hábiles, que contarán desde o día seguinte á publicación da devandita listaxe, para que os/as candidatos/as presenten as alegacións ante o presidente da comisión.

Unha vez resoltas as alegacións publicaranse as listaxes definitivas de candidatos/as propostos por centro, coa puntuación obtida en cada caso.

A elaboración da Resolución Reitoral pola que se adxudican as bolsas desta convocatoria realizarase na sección de bolsas, en función das propostas de candidatos/as realizadas polos centros, e da orde de prioridade solicitada polo/a alumno/a. A Resolución Reitoral de adxudicación de bolsas, publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros, e no Rexistro Xeral e Auxiliares da Universidade de Vigo, na web. Esta Resolución Reitoral conterá as solicitudes concedidas por centro, as denegadas coa causa de denegación e a listaxe de agarda por centro ordeado de maior a menor puntuación.

A adxudicación dunha bolsa desta convocatoria, suporá o decaemento nas outras opcións presentadas na súa solicitude.



UNIVERSIDADE DE VIGO
- As persoas adxudicatarias de unha bolsa quedan obrigadas a participar en un curso de formación sobre os sistemas de calidade que se desenvolverá posteriormente nos lugares asignados segundo cada bolsa. Este curso será impartido pola Área de Calidade. A duración do mesmo será de 4 horas.

- A persoa adxudicataria da bolsa quedará obrigada a colaborar nos programas relacionados coas bolsas e complementar o plan formativo do mesmo.

- A persoa adxudicataria da bolsa deberá estar matriculado na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa para poder manter a súa condición de bolseiro/a.

- Achegar, dentro do mes seguinte á finalización da bolsas, unha memoria final das actividades realizadas durante o período da bolsa, no que constará o visto e prace do coordinador de calidade do centro.

IX. ACEPTACIÓN E RENUNCIA.

As persoas bolseiras propostas presentaranse ao coordinador/a correspondente no centro no prazo que se indique na resolución definitiva. De non presentarse transcurrido este prazo entenderase que renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado polo/a seguinte solicitante atendendo á listaxe de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e comunicada ao coordinador/a correspondente con 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada penalizará e impediralle o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle ao Reitor a avaliación das causas alegadas.

X. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas bolsas e a permanencia nas listaxes de agarda poden ser revogadas polo seguintes motivos e de ser o caso, suporá o reintegro por parte dos beneficiarios/as, das cantidades incorrectamente percibidas:

- Incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- Ocultación de datos, a súa alteración ou calquera da información solicitada.
- Incurrer nalgúnha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria (punto III).
- Non manter a condición de estar matriculado na Universidade de Vigo durante todo o período de ducación da bolsa.
- Trala emisión dun informe desfavorable do responsable do centro, por incumprimento de desenvolvemento propio do obxecto da bolsa.

XI. ADICIONAIS

As dúbdidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas polo vicerreitor/a con competencias en calidade.

Calquer reclamación ou queixa que queira presentar un/ha bolseiro/a farase ante dito vicerreitor/a .

O disfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación publicado no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social.

Os/as bolseiros/as non adquieren ningunha relación contractual administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo, nin a bolsa implica compromiso en canto á posterior incorporación dos interesados/as aos cadros de persoal da Universidade.



ANEXO II

Campus de Vigo

Centro	Nº de bolsas	Nº de horas totais/ bolsa	Datas da colaboración ata o :
E.U.DE ESTUDIOS EMPRESARIAIS	1/60h	420	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE C.C. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	3/50h	900	01/05 ao 30/11/2015
FAC. DE QUÍMICA	2/40h	560	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE BIOLOXÍA	3/40h	840	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE CIENCIAS DO MAR	1/50h	350	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN	3/60h	900	01/06 ao 30/11/2015
FAC. DE CIENCIAS XURIDICAS E DO TRABALLO	2/60h	720	01/05 ao 30/11/2015
ESCOLA ENXEÑARÍA INDUSTRIAL	4/60h	1440	01/05 ao 30/11/2015
E. ENX. DE TELECOMUNICACIÓN	1/60h	420	01/04 ao 30/11/2015
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS	2/40h	560	01/04 ao 30/11/2015

Campus de Ourense

FAC. DE DEREITO – OURENSE	1/50h	350	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE HISTORIA	1/60h	420	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE CIENCIAS DE OURENSE	2/60h	840	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE CC. EMPRESARIAIS E TURISMO	2/60h	720	01/05 ao 30/11/2015
FAC. DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	3/40h	840	01/04 ao 30/11/2015
ESCOLA SUPERIOR ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	1/50h	350	01/04 ao 30/11/2015

Campus de Pontevedra

FAC. DE BELAS ARTES	1/60h	420	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE C.C. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE	2/60h	840	01/04 ao 30/11/2015
ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL	1/40h	280	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE C.C. SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN	2/50h	700	01/04 ao 30/11/2015
FAC. DE FISIOTERAPIA	1/40h	280	01/05 ao 30/11/2015

- O alumno podera seleccionar ata 5 bolsas, nos distintos centros, sendo determinante a hora da adxudicación o orde en que figuren no impreso de solicitude.
- Actividade de colaboración dos bolseiros non podera iniciarse antes do 01 de abril do 2015, e as datas de finalización non poderan ser mais ala do 30/11/2015.
- Excluese da actividade mes de agosto.



ANEXO III

UNIVERSIDA
DE VIGO

CONVOCATORIA DE BOLSA DE COLABORACIÓN NAS ACCIÓNS DE MELLORA DA CALIDADE NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (Vicer. de Organización Académica e Profesorado)

IMPRESO DE SOLICITUDE

APELIDOS:			NOME:		
NIF:		DOMICILIO:			
POBLACIÓN:			PROVINCIA:	COD. POSTAL:	
TLF FÍXO:		TLF MÓBIL:		E-MAIL:	
MATRICULADO/A EN:					

Nota: Co gallo de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable cubrir o teléfono móvil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.

Orde de preferencia	Facultade ou Escola de desenvolvemento da acción de mellora	Nº total de horas de dedicación	Data fin da colaboración
1ª opción			
2ª opción			
3ª opción			
4ª opción			
5ª opción			

*Nota: en caso de ser proposto por mais de unha comisión de centro, a asignación corresponderá a opción elexida nos lugares preferentes decaendo no resto das opcións.

DOCUMENTACIÓN ENTREGADA

- 1.-Curriculum Vitae relacionado co obxecto da convocatoria e declaración xurada asinada
 - 2.-Certificado Académico dos estudos.....
 - 3.-Documentos acreditativos dos cursos de formación relacionados coa convocatoria.....
 - 4.-Resgado de matricula Proxecto de Fin de carreira ou matricula da titoría anual de doutoramento
 - 5.-Ficha Persoal de Pagamentos (segundo modelo anexo IV)
 - 6.-Fotocopia do DNI.....
 - 7.-Compromiso de matricula no curso 2014-2015 (de ser o caso).....
 - 8.-Solicitude de compatibilidade con outras bolsas concedidas para os curso 2013/2014 e 2014/2015.....

DECLARACIÓN XURADA

O abaxo asinante, manifesta que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a bolsa de colaboración nas accións de mellora de Calidade en Facultades e Escolas da Universidade de Vigo son verdadeiros e entende que coñece todos os termos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Sinatura

SRA. VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - UNIVERSIDADE DE VIGO



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ANEXO IV

DOMICILIACIÓN BANCARIA

DATOS PERSOAIS

NIF/NIE: (Xuntar fotocopia) _____

APELIDOS E NOME: _____

ENDEREZO: _____

CÓDIGO POSTAL: _____ LOCALIDADE _____
_____ :

PROVINCIA: _____ TLF: _____

CORREO ELECTRÓNICO:
En _____ , ___ de _____ de 201_____
(SINATURA)

DATOS BANCARIOS - IBAN

		ENTIDADE	OFICINA	D.C.	Nº DE CONTA (dez díxitos)													
E	S																	

(cumprimentar todos os díxitos do IBAN)

NOME DO BANCO:

ENDEREZO DO BANCO:

SINATURA E SELO DO BANCO: